

Prospección arqueoloxica para a recuperación, mantemento e conservación do DPMT da illa de Sálvora, Ribeira (A Coruña)

ANDRÉS BONILLA RODRÍGUEZ

A illa de Sálvora atópase na boca de entrada da ría de Arousa, afastada de terra firme por unha distancia duns 3 km polo N. Ocupa unha superficie de preto de 190 Ha e ten unha altitude máxima de 71 m. Case todo o perímetro da illa é zona rochosa, agás en tres pequenas praias. Na actualidade a illa de Sálvora forma parte da parroquia de Nosa Señora do Carme de Aguiño, creada no ano 1959. Anteriormente dependía da parroquia de San Paio de Cárreira, a que fora durante moitos séculos a parroquia máis poboada e rica da comarca, así como a más antiga. Foi propiedade privada da familia Otero-Goyanes e hoxe en día está integrada no Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Efectuada a prospección arqueoloxica superficial intensiva da zona afectada polo Proxecto de recuperación, mantemento e conservación do DPMT da Illa de Sálvora (Ribeira, A Coruña) así como do resto da superficie da illa, cabe sinalar a localización de varios xacementos arqueoloxicos e restos arqueoloxicos en superficie, constatándose, así mesmo, a existencia de bens protexibles de carácter arquitectónico e etnográfico.

Foron localizados 4 elementos arqueoloxicos inéditos, tres xacementos e un achado. Trátase do xacemento romano de Praia de Bois de adscrición cronolóxica romana e tipoloxía indeterminada, os enterramentos de naufragos localizados arredor da praia do Almacén, ambos de época contemporánea e o achado romano da praia do Almacén.


no de praia de Bois de adscrición cronolóxica romana e tipoloxía indeterminada, os enterramientos de naufragos localizados arredor da praia do Almacén, ambos de época contemporánea e o achado romano da praia do Almacén.

Documéntase a presenza de 10 elementos pertencentes ao patrimonio arquitectónico. Son o pazo de Sálvora, a capela de Sálvora, a estatua monumento á Serea, dúas pontellas (Pontella da Telleira e Pontella da Aldea de Sálvora), dous faros (Faro Novo de Sálvora e Faro Vello de Sálvora) e un peirao (Peirao de Sálvora). Varios destes elementos forman parte dos dous conxuntos arquitectónicos existentes na illa, o Conxunto arquitectónico do Pazo/O Almacén e o Conxunto tradicional da Aldea de Sálvora.

Respecto ao patrimonio etnográfico documentáronse un total de 15 elementos. Destaca a presenza dun cruceiro (Cruceiro de Sálvora), dúas fontes (Fonte da Telleira e Fonte da Aldea de Sálvora), unha telleira tradicional (Telleira da Aldea de Sálvora), un lavadoiro (Lavadoiro da Aldea de Sálvora), 6 hórreos (hórreos 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da Aldea de Sálvora), dous muíños hidráulicos (Muíño da Aldea de Sálvora e Muíño do Almacén), un camiño tradicional (Camiño á Aldea de Sálvora) e un curro (Curro das Cabras).



Vista da zona na que foron recollidos os materiais arqueoloxicos en Praia de Bois



Vista desde o Leste da praia do Almacén e o conxunto arquitectónico do Pazo

Débese sinalar que foron recollidos materiais de época romana en superficie. Na praia do Almacén localizouse un fragmento de bordo e corpo de ánfora romana. A peza apareceu moi rodada e alterada debido á acción erosiva eólica e mariña, feito que impidiu a súa adscrición tipolóxica.

Na praia de Bois documentouse a presenza dun socalco disposto entre o límite S da praia e unha zona de pasteiros delimitada por muros de peche tradicionais construídos en cachotería de granito. O socalco, cunha dirección E-W e unha lonxitude aproximada duns 30 m, semella selar restos dunha posible estrutura de cachotería de granito e a súa derruba. Entre estes restos pétreos percíbense materiais latericios de construcción de época romana (*tegula* e *imbrex*). Puntualmente en superficie, aprécianse restos de materiais de almacenaxe e transporte de época romana (ánfora). Os restos documentados, malia estaren moi fragmentados, apareceron pouco rodados. □